			HEB12.2.1.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC	Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.	50%	2,5%	90%				10%			x	x					x
	<input type="checkbox"/> B12.2.	<input type="checkbox"/> B12.2.	HEB12.2.2.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC	Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco.	50%	2,5%	90%				10%			x	x		x	x	x	
			HEB12.3.1.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.	50%	2,5%	90%				10%			x	x	x	x			
			HEB12.3.2.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.	50%	2,5%	90%				10%			x	x					x
			HEB12.3.3.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC	Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.	50%	2,5%	90%				10%			x	x					x
			HEB12.3.4.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC	Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.	50%	2,5%	90%				10%			x	x	x	x	x	x	x
	<input type="checkbox"/> B12.4.	<input type="checkbox"/> B12.3.	HEB12.3.5.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	50%	2,5%	90%				10%			x	x	x	x			x

	□ B12.4.	□ B12.4.	HEB12.4.1.	□ CCL □ CSC	Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.	50%	2,5%	90%				10%			x	x	x			x	
--	----------	----------	------------	-------------	--	-----	------	-----	--	--	--	-----	--	--	---	---	---	--	--	---	--

LENDAS DE COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

LENDAS TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.
EV	Educación e seguridade viari

7. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

CCL	<ul style="list-style-type: none"> - Definir conceptos históricos. - Explicar as ideas propias. -Resumir opinións. - Redactar informes breves. - Avaliar informacións. - Ler e comprender textos históricos.
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar índices estatísticos. - Comentar táboas estatísticas. - Interpretar gráficas.
CD	<ul style="list-style-type: none"> - Buscar, obter e seleccionar información do ámbito, de fontes escritas, iconográficas, gráficas, audiovisuais e proporcionadas polas tecnoloxías da información. - Elaborar de forma escrita a información obtida.
CAA	<ul style="list-style-type: none"> - Obter información e transformala en coñecemento. - Buscar respostas a problemas históricos. - Elaborar cadros comparativos.
CSC	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer valores democráticos. - Apreciar a pluralidade. - Valorar o papel dos homes e as mulleres como suxeitos da historia.
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. - Recoñecer os elementos básicos que caracterizan os estilos artísticos e interpretar as obras significativas considerando o seu contexto.
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> -Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas. -Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.


C.CLAVE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	%
---------	-------------------------	---

		CONTRIBUCIÓN
CCL	HEB0.1.1. HEB0.2.1. HEB1.1.1.□HEB1.1.3. HEB1.1.4. HEB1.1.5. HEB1.1.7. HEB1.1.8. HEB1.1.9. HEB1.1.10. HEB1.1.12. HEB2.1.1. HEB2.1.3. HEB2.1.4. HEB2.2.1. HEB2.2.2. HEB2.2.3. HEB2.2.4. HEB2.3.1. HEB2.4.1. HEB2.5.1. HEB2.5.2. HEB3.1.1. HEB3.1.2. HEB3.1.3. HEB3.2.1. HEB3.2.2. HEB3.2.3. HEB3.3.1. HEB3.3.2. HEB3.3.3. HEB3.3.4. HEB3.3.5. HEB3.4.1. HEB4.1.1. HEB4.1.3. HEB4.2.1. HEB4.2.2. HEB4.2.3. HEB4.2.4. HEB4.3.1. HEB4.3.2. HEB4.4.1. HEB4.5.1. HEB4.5.2. HEB5.1.1. HEB5.1.2. HEB5.2.1. HEB5.2.2. HEB5.3.1. HEB5.3.2. HEB5.3.4. HEB5.4.1. HEB5.4.2. HEB5.5.1. HEB6.1.2. HEB6.2.1. HEB6.2.3. HEB6.2.4. HEB6.2.5. HEB6.3.1. HEB6.4.1. HEB6.4.2. HEB6.5.1. HEB7.1.1. HEB7.1.2. HEB7.1.3. HEB7.2.1. HEB7.2.2. HEB7.3.1. HEB7.3.2. HEB7.4.1. HEB7.4.2. HEB7.4.3. HEB8.1.1. HEB8.1.2. HEB8.2.1. HEB8.2.2. HEB8.2.3. HEB8.2.4. HEB8.2.5. HEB8.2.6. HEB8.2.7. HEB8.2.8. HEB8.2.9. HEB8.2.10. HEB9.1.1. HEB9.1.3. HEB9.2.1. HEB9.2.2. HEB9.2.3. HEB9.2.4. HEB9.3.1. HEB9.3.2. HEB9.3.3. HEB9.4.1. HEB9.4.2. HEB9.4.3. HEB10.1.1. HEB10.1.2. HEB10.2.1. HEB10.2.2. HEB10.2.3. HEB10.2.4. HEB10.2.5. HEB10.2.6. HEB10.3.1. HEB10.3.2. HEB10.3.3. HEB10.3.4. HEB10.3.5.□HEB10.4.1. HEB11.1.1. HEB11.1.2. HEB11.1.3. HEB11.1.4. HEB11.1.5. HEB11.1.6. HEB11.1.7. HEB11.1.8. HEB11.1.9. HEB11.1.10. HEB11.2.1. HEB12.1.1. HEB12.1.2. HEB12.1.3. HEB12.1.4. HEB12.2.1. HEB12.2.2. HEB12.3.1. HEB12.3.2. HEB12.3.3. HEB12.3.4. HEB12.4.1.	34,81
CMCCT	HEB0.3.1. HEB0.4.1. HEB1.1.3. HEB1.1.11. HEB2.1.2. HEB2.4.1. HEB3.3.6. HEB4.1.2. HEB5.3.3. HEB6.1.3. HEB7.1.4. HEB9.1.2. HEB10.3.6. HEB11.1.11. HEB12.3.5.	3,9
CSC	HEB0.1.1. HEB0.2.1. HEB0.3.1. HEB0.4.1. HEB1.1.1. HEB1.1.3. HEB1.1.4. HEB1.1.5. HEB1.1.6. HEB1.1.7. HEB1.1.8. HEB1.1.9. HEB1.1.11. HEB1.1.12. HEB2.1.1. HEB2.1.2. HEB2.1.3. HEB2.1.4. HEB2.2.1. HEB2.2.2. HEB2.2.3. HEB2.2.4. HEB2.3.1. HEB2.4.1. HEB2.5.1. HEB3.1.1. HEB3.1.2. HEB3.1.3. HEB3.2.1. HEB3.2.2. HEB3.2.3. HEB3.3.1. HEB3.3.2. HEB3.3.3. HEB3.3.4. HEB3.3.5. HEB3.3.6. HEB3.4.1. HEB4.1.1. HEB4.1.2.	38,18

	<p>HEB4.1.3. HEB4.2.1. HEB4.2.2. HEB4.2.3. HEB4.2.4. HEB4.3.1. HEB4.3.2. HEB4.4.1. HEB4.5.1. HEB4.5.2. HEB5.1.1. HEB5.1.2. HEB5.2.1. HEB5.2.2. HEB5.3.1. HEB5.3.2. HEB5.3.3. HEB5.3.4. HEB5.4.1. HEB5.4.2. HEB5.5.1. HEB6.1.1. HEB6.1.2. HEB6.1.3. HEB6.2.1. HEB6.2.3. HEB6.2.4. HEB6.2.5. HEB6.3.1. HEB6.4.1. HEB6.4.2. HEB6.4.3. HEB6.5.1. HEB7.1.1. HEB7.1.2. HEB7.1.3. HEB7.1.4. HEB7.2.1. HEB7.2.2. HEB7.3.1. HEB7.3.2. HEB7.4.1. HEB7.4.2. HEB7.4.3. HEB8.1.1. HEB8.1.2. HEB8.2.1. HEB8.2.2. HEB8.2.3. HEB8.2.4. HEB8.2.5. HEB8.2.6. HEB8.2.7. HEB8.2.8. HEB8.2.9. HEB8.2.10. HEB9.1.1. HEB9.1.2. HEB9.1.3. HEB9.2.1. HEB9.2.2.□HEB9.2.3. HEB9.2.4. HEB9.3.1. HEB9.3.2. HEB9.3.3. HEB9.4.1. HEB9.4.2. HEB9.4.3. HEB10.1.1. HEB10.1.2. HEB10.2.1. HEB10.2.2. HEB10.2.3. HEB10.2.4. HEB10.2.5. HEB10.2.6. HEB10.3.1. HEB10.3.2. HEB10.3.3. HEB10.3.4. HEB10.3.5. HEB10.3.6.□HEB10.4.1. HEB11.1.1. HEB11.1.2. HEB11.1.3. HEB11.1.4. HEB11.1.5. HEB11.1.6. HEB11.1.7. HEB11.1.8. HEB11.1.9. HEB11.1.10. HEB11.1.11. HEB12.1.1. HEB12.1.2. HEB12.1.3. HEB12.1.4. HEB12.2.1. HEB12.2.2. HEB12.3.1. HEB12.3.2. HEB12.3.3. HEB12.3.4. HEB12.3.5. HEB12.4.1.</p>	
CD	<p>HEB0.1.1. HEB1.1.10. HEB2.5.2. HEB3.4.1. HEB5.5.1.□HEB10.4.1. HEB11.2.1.</p>	1,81
CCEC	<p>HEB0.1.1. HEB1.1.2. HEB1.1.5. HEB1.1.7. HEB1.1.8. HEB1.1.10. HEB2.1.4. HEB2.5.1. HEB2.5.2. HEB3.4.1. HEB4.5.1. HEB4.5.2. HEB5.5.1. HEB6.2.5. HEB7.2.1. HEB7.2.2. HEB7.4.3.□HEB10.4.1. HEB11.2.1.</p>	4,93
CAA	<p>HEB0.1.1. HEB0.2.1. HEB0.3.1. HEB0.4.1. HEB1.1.4. HEB1.1.6. HEB1.1.10. HEB1.1.11. HEB2.1.2. HEB2.2.3. HEB2.2.4. HEB2.5.2. HEB3.1.3. HEB3.2.1. HEB3.2.3. HEB3.3.3. HEB3.3.4. HEB3.3.6. HEB3.4.1. HEB4.1.2. HEB4.2.2. HEB4.3.1. HEB4.5.1. HEB5.2.1. HEB5.2.2. HEB5.3.3. HEB5.3.4. HEB6.1.1. HEB9.1.2. HEB6.1.3. HEB6.2.3. HEB6.2.4. HEB6.3.1. HEB6.4.3. HEB6.5.1. HEB7.1.1. HEB7.1.4. HEB7.2.2. HEB7.3.1. HEB8.1.2. HEB8.2.4. HEB8.2.5. HEB8.2.7. HEB9.1.3. HEB10.1.1. HEB10.1.2. HEB10.2.4. HEB10.3.2. HEB10.3.3. HEB10.3.6.□HEB10.4.1. HEB11.1.1. HEB11.1.2. HEB11.1.7. HEB11.1.11. HEB12.3.1. HEB12.3.2. HEB12.3.5.</p>	15,07

CSIEE	HEB0.1.1. HEB1.1.10. HEB2.5.2. □HEB10.4.1. HEB11.2.1.	1,3
-------	---	-----

PERFÍL COMPETENCIAL 2º BAC. HISTORIA



8.-METODOLOXÍA

Tendo en conta a situación derivada do Covid19, a metodoloxía empregada axustarase segundo sexa a actividade lectiva: presencial, semipresencial ou non presencial.

Con Actividade lectiva presencial:

Partindo dos principios da Didáctica Xeral e tendo en conta que hai que

contribuír a que os alumnos desenvolvan as anteditas competencias, amosamos unha especial atención aos métodos de traballo. Tanto os obxectivos como os criterios de avaliación comprenden aspectos procedimentais e metodolóxicos, pero precisamos aquí os métodos xerais e os procedementos propios de cada unha das materias impartidas polo departamento.

Para conseguir unha aprendizaxe significativa, empregaremos os tres métodos didácticos principais: o expositivo centrado na explicación do docente mediante a lección maxistral e as demostracións prácticas o interactivo centrado na comunicación interpersonal do profesor cos alumnos e de estes entre si, mediante a lección comunicativa e o método interrogativo autónomo centrado no traballo persoal do alumno.

Estes métodos son complementarios e flexibles e o seu emprego depende da natureza do tema a tratar, dos obxectivos a cumprir e do contexto no que se desenvolvan as actividades de ensino-aprendizaxe. Empregamos a metodoloxía expositiva para se plantexa a iniciación dos temas ou cuestións, sinalar as ideas fundamentais, solucionar dúbidas e plantexar cuestións, realizar sínteses e integrar coñecementos. Paralelamente aplicamos unha metodoloxía indagadora que fomente a participación do alumno no seu propio proceso de aprendizaxe e a interacción co profesor e cos seus compañeiros.

Neste marco proporcionado polos tres métodos básicos: Desenvolveranse as diversas técnicas didácticas: exposición, dedución, indicción, comparación, demostración, interrogación, descubrimento... Simultaneáranse actividades que impliquen un traballo individual e en equipo por mor de fomentar actitudes de colaboración, capacidade de organización, toma de decisións, integración e participación dos compoñentes do grupo(sempre e cando a situación sanitaria o permitise).

Dinamizarase a aprendizaxe mediante o fomento das exposicións

orais e debates coordinados polo docente e os alumnos.

Potenciarase o uso de medios audiovisuais con especial atención ás novas tecnoloxías

Empregaranse os recursos técnicos e materiais habituais: mapas, gráficos, diapositivas, vídeos, exposicións en Power Point, visitas virtuais, prensa, biblioteca....

Nas materias de Historia da Arte, Xeografía e Historia ao depender en gran medida de procesos de identificación, análise e interpretación, darase prioridade ás técnicas de comentarios de textos e de imaxes, gráficos e datos estatísticos.

Unidas aos procedementos cos que acadar os obxectivos están as técnicas de estudo. O Departamento nas súas distintas materias tentará fomentar a adquisición de certas destrezas e habilidades no alumnado coas que adquirir estes obxectivos. traballarase coa toma de notas, subliñados, esquemas, mapas conceptuais, técnicas de comentario, redacción de temas escritos, ordenacións cronolóxicas, exposicións orais e traballos de investigación.

Ademais cada materia esixe unhas técnicas e procedementos máis específicos:

CCSS e Xeografía:

Confección de mapas para afianza-los coñecementos de xeografía física e política como base para unha axeitada e necesaria localización espacial dos diferentes aspectos xeográficos que se traballan ó longo do curso

Elaboración e comentario de gráficos e táboas estatísticas

Comentario de obras de arte

Comentario e recollida de noticias de prensa

Elaboración de traballos de investigación individuais o en grupo, especialmente sobre aspectos físicos, demográficos e económicos

Introdución ao traballo de campo sobre cuestións de xeomorfoloxía, meteoroloxía e urbanismo

Recabar información sobre aspectos xeográficos (clima, economía, persoeiros...) do entorno máis próximo co fin de ter un coñecemento máis directo da realidade na que se vive.

Historia:

Confección e interpretación de eixes cronolóxicos

Análise, comentario e composición de textos

Interpretación e comentario de mapas históricos

Comentario de gráficas e estatísticas

Comentario e recollida de noticias de prensa

Comentario de películas e documentais

Recabar información sobre aspectos históricos do entorno máis próximo co fin de ter un coñecemento máis directo da realidade na que se vive.

Historia da Arte:

Confección e interpretación de eixes cronolóxicos en función dos estilos artísticos

Recabar información sobre obras de arte do entorno co fin de visualizar os conceptos xerais no entorno máis inmediato

Lectura, clasificación, análise e comentario de obras de arte

Investigacións sobre obras de arte importantes

O grao de profundidade co que se traballará estas técnicas variará en función dos niveis, de xeito que no primeiro ciclo da ESO estas serán sinxelas e guiadas mentres a medida que avancemos de nivel (2º ciclo da ESO e Bacharelato) iranse complicando, en especial nos cursos de 2º de Bacharelato onde se aplicarán modelos empregados Na ABAU.

9.- AVALIACIÓN

A avaliación terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso escolar, no mes de setembro, realizaranse probas sinxelas para avaliar o grao de coñecemento dos contidos mínimos que se consideran necesarios para construír sobre eles as novas aprendizaxes. Esta proba non terá repercusión na cualificación. Sería tamén conveniente observar as peculiaridades na forma de aprender de cada alumno, así como o grao de integración social de cada un deles.

Os membros do Departamento consideran tamén conveniente que cada profesor tentara comprobar o nivel de coñecementos previos do alumnado en cada tema da materia.

AVALIACIÓN CONTINUA

Ao longo do curso están programadas tres sesións de avaliación, unha por trimestre. A última delas coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de maio. Durante cada avaliación realizaranse como mínimo unha proba que abarcarán a materia impartida.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar as materias da área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia poderán utilizarse os seguintes instrumentos:

- Probas escritas, podendo ser de preguntas curtas, de respostas directas, de preguntas teóricas a desenvolver cunha certa amplitude, etc, probas que serán fixadas dependendo da marcha e do desenvolvemento da materia.

Nas probas escritas de calquera tipo, poderán presentarse ao alumnado:

- Textos, gráficas, imaxes e mapas históricos para ser analizados e comentados, de acordo coas pautas dadas na aula.
- Termos para ser definidos.
- Preguntas que o alumnado debe contestar a partir dos contidos desenvolvidos na aula.
- Desenvolvemento dun tema, a partir de fontes documentais, que o alumnado debe analizar e ter en conta.
- Exercicios de carácter práctico.
- Probas orais na clase, ben individuais, ben colectivas (no caso de traballos en grupo, sempre e cando a situación sanitaria o permita).
- Traballos individuais ou en grupo (cando a situación sociosanitaria o permitise). Algúns deles faranse na aula e outros na casa.
- Traballos de lectura e/ou investigación que serán entregados no prazo establecido, traballos para os que se poderán utilizar as novas tecnoloxías.
- Valoración do caderno de clase.
- Valoración da curiosidade e interese pola materia, mellora na lectura e escritura, integración nos grupos de traballo, así como a creatividade.
- Actitude na clase: comportamento, puntualidade, orde, cumprimento das normas que o profesorado considere preciso ter en conta á hora da cualificación final.
- Consecución das competencias básicas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación para as avaliacións serán os seguintes:

Probas obxectivas

- Todas as preguntas, textos, mapas, etc, irán numerados e indicarse, se procede, a valoración de cada un.
- Terase moi en conta a corrección na escrita (léxico, gramática, ortografía, orde, limpeza). En caso de erros reiterados e/ou graves na realización de textos escritos, poderase restar ata 1 punto.

Probas orais. Terase en conta a capacidade discursiva e a linguaxe utilizada, así como o grao de coñecementos.

Traballos

No caso de traballos na aula, terase en conta a realización dos exercicios e actividades ordenados, a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan.

No caso de traballos individuais, valoraranse tanto o caderno de clase como o traballo cotiá, así como aqueles de carácter extraordinario. Terase tamén en conta a calidade dos textos e das ilustracións.

No caso de traballos en grupo,(sempre que a situación sanitaria o permita) ademais de valorar o mesmo que nos traballos individuais, terase en conta tamén a participación de cada membro do grupo.

En canto aos mínimos esixibles na presentación de traballos escritos, os criterios que se seguirán serán os seguintes:

- Cumprir o prazo de entrega.
- Presentar un traballo pulcro, usando unha letra clara e lexible.
- Gardar as marxes e estruturar o texto en parágrafos.
- Unir con grampas ou clips as follas se a extensión do traballo é de máis dun folio.
- Non usar o "cortar e pegar". O traballo debe reflectir que lemos, comprendemos e sabemos expresar o contido do lido.
- Revisar a ortografía e puntuación antes de entregalo.
- Empregar un rexistro lingüístico formal e culto, esforzándose por empregar a terminoloxía específica das Ciencias Sociais.
- Citar correctamente, no seu caso, a bibliografía e/ou as fontes

consultadas e utilizadas na elaboración do traballo, especificando tamén a autoría e procedencia do material que achegamos en forma de imaxes, etc.

Actitude

Valorarase a curiosidade e o interese pola materia, a participación, así como a puntualidade e asistencia.

VALORACIÓN-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Veñen referidos ós estándares de aprendizaxe e ós instrumentos de avaliación desenrolados no apartado 6.

Probas escritas referidas os estándares de aprendizaxe: 90% da nota

- Realizaranse como mínimo unha proba por avaliación.
- Puntuada de 0 a 10.
- Farase a media de todas as realizadas ao longo do trimestre, no caso de ter máis de unha.
- Para facer a media hai que acadar unha puntuación mínima de 3 puntos.
- As probas escritas de cada tema non se recuperarán durante o trimestre.

RÚBRICAS DE AVALIACIÓN XENÉRICAS

Para a corrección das distintas preguntas nos exames empregaremos as seguintes rúbricas xenéricas. Os contidos concretos correspondentes a cad pregunta son os establecidos polo Decreto 86/2015 de cuño, e referidos ao nivel de 2º de Bacharelato.

RÚBRICA PARA A CORRECCIÓN DE CONCEPTOS. REFERIDO A UNHA PUNTUACIÓN DE ATA 0,5 PUNTOS.

Suspense (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspense (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta

Aprobado (0,25-0,3)	Resposta correcta, que responde ó esencial e presenta unha contextualización básica
Notable (0,35-0,4)	Resposta correcta, ben contextualizada, con aclaracións adicionais
Sobresáinte (0,45-0,5)	Resposta correcta, ben contextualizada, con aclaracións adicionais, ben exposta e axustada a extensión recomendada

**RÚBRICA PARA A CORRECCIÓN DE UNHA PREGUNTA DE TEORÍA.
VALOR DE 3 PUNTOS**

Suspense (0-0,6)	Resposta en branco o usen relación coa materia da pregunta
Suspense (0,9-1,2)	Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema presentado. Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos
Aprobado (1,5-1,8)	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema nas súas liñas xerais
Notable (2,1-2,4)	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema, incluíndo precisións e aclaracións
Sobresáinte (2,7-3)	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema, incluíndo precisións e aclaracións. Resposta razoada e coherente que demostra capacidade argumentativa e de síntese, axustándose á extensión máxima recomendada

**RÚBRICA PARA A CORRECCIÓN DUNHA COMPOSICIÓN
HISTÓRICA. VALOR DE 5 PUNTOS.**

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco(0) A resposta é unha paráfrase dos documentos(1)
Deficiente (1,5-2)	Resposta mestura paráfrase dos documentos con algunha xeneralidade(1,5) A resposta prescinde dos documentos,preséntase como a resposta a unha pregunta teórica(2)
Aprobado (2,5-3)	A resposta trata parte das cuestión sinaladas na introducción, cita os documentos, contextualízaos parcialmente e fai algún comentario do seu contido. A redacción e a argumentación son correctas en liñas xerais
Notable (3,5-4)	A resposta desenvolve todas as cuestións sinaladas na introducción, cita e contextualiza ben os documentos e analiza parte do seu contido. A redación é precisa e o texto está ben argumentado
Sobresaínte (4,5-5)	A resposta desenvolve con solvencia as cuestións sinaladas na introducción ou engade cuestións adicionais. Cítanse e contextualízanse ben os documentos e faise unha análise en profundidade dos mesmos. A redación é precisa, o texto está ben argumentado e fai uso de vocabulario específico.

Na resposta da composición de textos deberase atender ós seguintes aspectos para a súa avaliación:

- Utilizar os documentos na redación (como mínimo, cítalos no texto redactado:Valorarnse referencias adicionais: datos, ou argumentos que figuren neles)
- Contextualizar os documentos (como mínimo incluír unha explicación básica sobre a etapa histórica na que se sitúan. Valoraranse referencias adicionais sobre a data de publicación e a orixe dos textos)

- Analizar os documentos(como mínimo referirse a unha das ideas que figuren neles. Valorarase a introdución de ideas adicionais)
- Completar a información dos documentos (introducir contidos teóricos que teñan relación cos documentos e permitan responder as cuestións sinaladas no encabezamento da proba como “ cuestións a atender”)
- Desenvolver un fío argumental que permita relacionar os documentos entre sí (seguir a orde das cuestións a atender ou desenvolver unha orde alternativa.

Cuaderno de clase referido á realización dos estándares de aprendizaxe: 10% da nota

	100%	75%	50%	25%	0%
REALIZAR AS TAREFAS	SEMPRE	CASE SEMPRE	ÁS VECES	CASE NUNCA	NUNCA
ENTREGA EN PRAZO	CON ANTELACIÓN	ESPERA ATA O ÚLTIMO DÍA	RETRÁSASE UN DÍA	RETRÁSASE VARIOS DÍAS	NON
PRESENTACIÓN	MOI BOA	BOA	REGULAR	BASTANTE MALA	MALA
ORTOGRAFÍA	MOI BOA	BOA	REGULAR	BASTANTE MALA	MALA
USO DA TERMINOLOXÍA	MOI BEN	BEN	REGULAR	BASTANTE MAL	MAL
CORRECCIÓN DAS ACTIVIDADES	SEMPRE	CASE SEMPRE	ÁS VECES	CASE NUNCA	NUNCA
EXERCICIOS ORDEADOS	SEMPRE	CASE SEMPRE	ÁS VECES	CASE NUNCA	NUNCA
ACTIVIDADES VOLUNTARIAS	4 ACTIVIDADE	3 ACTIVIDADES	2 ACTIVIDADES	1 ACTIVIDADE	NINGUNHA
EXPOSICIÓNS ORAIS	4 EXPOSICIÓN	3 EXPOSICIÓNS	2 EXPOSICIÓNS	1 EXPOSICIÓN	NINGUNHA

O profesor revisará e valorará o caderno ao rematar a unidade. O alumnado deberá entregar o caderno ou carpeta coas actividades realizadas ao longo da unidade.

A nota da avaliación vendrá dada pola suma dos apartados anteriores, sendo necesario acadar 5 puntos para aprobar a avaliación.

O redondeo da nota será á alza a partir de 0,5 puntos.

Todo o alumnado terá dereito a realizar os exames aos que non puidera asistir si previamente presenta a súa correspondente xustificación (xustificante oficial de falta de asistencia sendo preciso o xustificante do facultativo, polo que o alumno/a terá dereito a examinarse cando se reincorpore ás clases, e igualmente, terá dereito a entregar as actividades que non tivera entregado. En caso de que non presente dito xustificante, poderá ser examinado desa parte da materia na proba seguinte.

No caso de que un alumno/a copiase e/ou fixese fraude de calquera xeito nuha proba escrita ou traballo presentado levará a cualificación de 0 puntos.

O alumnado que non supere positivamente cada avaliación, deberá presentarse á recuperación que terá lugar ao finalizar o trimestre ou a comezos do seguinte, sobre a materia impartida durante ese período e que non fose superada convenientemente polo alumno.

AVALIACIÓN FINAL

Celebraranse tres avaliacións coas súas correspondentes recuperacións ao longo do curso. Para obter a calificación global positiva da materia é necesario ter superado as tres avaliacións; excepcionalmente no caso de ter unha avaliación con nota de 4 puntos, poderá ter unha calificación positiva sempre que a media das tres avaliacións sexa con unha

nota de 5 puntos ou superior.

A nota final do curso obterase da media das tres avaliacións. Se non fose así, e o alumno non acadase unha calificación positiva da materia, deberá presentarse a un exame final no mes de maio que versará sobre os contidos das avaliacións suspensas. Será puntuado de 0 a 10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para aprobar o exame.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Na lexislación vixente está prevista unha convocatoria extraordinaria no mes de xuño para o alumnado que non teña acadado unha cualificación positiva na convocatoria de maio. As datas de realización das probas de xuño serán acordadas polo centro e serán públicas. O Departamento confeccionará un modelo de proba escrita, semellante ás probas feitas durante o curso. O alumnado deberá obter unha nota mínima de 5 puntos para obter unha cualificación positiva.

RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores poderán recuperala, da seguinte maneira:

- Realizando probas escritas, nas datas marcadas pola Xefatura de Estudos. Haberá dúas probas nas que entrará a metade da materia impartida durante o curso anterior. Serán calificadas de 0 a 10 puntos e contará o 70 % da nota.
- Realización de traballos, actividades e/ou boletíns de exercicios para cada parte da materia, que serán proporcionados polo Departamento para a súa solución polo alumnado pendente, para ser entregados nas datas dos exames. Serán calificados de 0 a 10 puntos e contará o 20 % da nota.

- A marcha do alumnado pendente durante o curso actual será valorada positivamente e a cualificación que teñan no curso contará un 10 % da nota. Esta porcentaxe valorarase da seguinte maneira: se o alumno ten aprobada a materia de Historia de 2º bacharelato na 1ª avaliación sumará 1 punto á nota do 1º parcial, e se a suspendera sumará 0 puntos; do mesmo xeito, valorarase no 2º parcial de pendentes, de maneira que se ten aprobada na 2ª avaliación a materia de Historia de 2º de bacharelato sumará 1 punto e se a ten suspensa, sumará 0 puntos.

De acadarse unha nota mínima de 5 puntos tense superada cada parte. As dúas partes superadas dan o aprobado da asignatura. De non acadar un 5 haberá que facer unha proba final (xeralmente en maio), na data que estableza a Xefatura de Estudos, na que entrará a parte ou partes que se manteñan suspensas. Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos e contabilizará o 70 % da nota á que se lle sumará o 20 % dos boletíns de actividades e o 10 % da marcha do curso. Esta porcentaxe valorarase da seguinte maneira: o alumno poderá sumar 1 punto á nota do 1º parcial de pendentes, se ten aprobada a materia de Historia de 2º de bacharelato na 1ª avaliación, e se a ten suspensa, obterá 0 puntos; do mesmo xeito valorarase no 2º parcial de pendentes, polo que poderá sumar 1 punto se ten aprobada esa materia na 2ª avaliación, e se a ten suspensa, obterá 0 puntos. De acadarse un 5 ou máis terá aprobada a asignatura. De non ser o caso, en setembro, na data establecida pola Xefatura de Estudos, haberá unha proba xeral de toda a materia, que será cualificada de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar como mínimo un 5 para aprobar a asignatura.

Para cada alumno/a coa materia pendente elaborárase unha ficha individual de seguimento na que figurará a área pendente, obxectivos, contidos e actividades propostas que o alumno/a realizará durante o curso e que lle van a facilitar a preparación dos contidos.

Estas actividades lle serán proporcionadas polo profesor/a responsable da área pendente e a este mesmo docente é ao que o alumno/a terá que entregarllas realizadas e nas datas propostas.

A continuación aparece a **Ficha de Seguimento do Alumnado Pendente:**

ÁREA

DE _____

Nome e apelidos do alumno/a _____

Curso e grupo actual _____

OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES PROPOSTAS

	ACTIVIDADES	DATA ENTREGA	DATA EXAMES
1º PARCIAL			
2º PARCIAL			
EXAME FINAL			
PROBA EXTRAORD. SETEMBRO			

CRITERIOS DE CUALIFCACIÓN

Sinatura Pai/Nai/Titor legal

Sinatura do profesor

SEGUIMIENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

Para o alumnado repetidor preparamos un plan específico personalizado cos seguintes obxectivos:

- que o alumno/a acabe por acadar as competencias básicas da materia
- contribuir a mellorar a súa aprendizaxe de cara a obter resultados positivos
- prever o abandono escolar

Elaboramos a seguinte Ficha de Seguimento do Alumnado Repetidor:

Nome do alumno/a repetidor/a:

Tutor	
Curso:	Grupo:

1.- DATOS DE INTERESE RECOLLIDOS NO EXPEDIENTE ACADÉMICO:

2.- PROBLEMAS DETECTADOS QUE CONTRIBUIRON A REPETIR:

3.-RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL:

4-ANÁLISE DOS PUNTOS FORTES E PUNTOS DÉBILES:

Puntos Fortes		
Asistencia regular a clase	Interese e motivación	
Colaboración familiar		
Hábito de estudo as normas	Reflexividade	Cumpre
Boa capacidade de aprendizaxe a atención	Fai as tarefas	Mantén
Outros:		

Puntos Débiles:

Asistencia irregular a clase
colaboración

I Interese e motivación

F Falla de

Hábito de estudo
normas

Impulsividade

Non cumpre

Lentitude na aprendizaxe
atención

Non fai as tarefas

Non mantén

Outros:

5.- PLAN DE INTERVENCIÓN

Desenvolvemento dun conxunto de actividades programadas

Actuacións	Tarefas	Seguimento

6.-COMPROMISO DO ALUMNO:

7.- INFORMACIÓN Á FAMILIA:

Como Profesor/a do alumno/a _____
que actualmente repite _____, infórmolles que imos levar adiante un Plan Personalizado orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Dito Plan inclúe as seguintes medidas:

Desenvolvemento dun conxunto de actividades programadas

Para elo necesitamos contar coa súa colaboración e pedímoslles que se comprometan a controlar que o alumno/a realice diariamente as tarefas e que traía o material necesario.

Observacións que desexe facer constar a familia:

Fdo. O Profesor/a

Fdo.Pai/Nai/Titor legal

10.-AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

gro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				

7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

11.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso, nas reunións periódicas que celebra o departamento, se valorará o cumprimento da Programación Xeral, atendendo as Programacións de Aula de cada materia e curso, elaboradas por cada profesor e profesora.

A avaliación da Programación Didáctica é fundamental e permitirá corrixila e adecuala á realidade e ás necesidades que presenta cada grupo, tendo en conta a atención á diversidade. Ao mesmo tempo permitirá unha mellor visión para redactar a Programación do curso seguinte.

Para a realización da programación seguiremos os seguintes criterios:

1. **Criterios cuantitativos** para medir a consecución dos

obxectivos planteados.

2. **Criterios cualitativos:** determinar a calidade, utilidade e proxección do aprendido polo alumnado.

Os **procedementos** para realizar a avaliación serán:

- Revisión dos resultados das tres avaliacións, tendo en conta a avaliación inicial.

- Análise das posibles causas dos malos resultados para poder dar propostas de mellora.

- Revisar a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do alumnado a vista dos resultados obtidos nas tres avaliacións.

- Valorar se as aprendizaxes son significativas.

- Estudar posibles medidas de atención á diversidade para poder aplicalas nos casos que se poidan presentar, tanto de apoio como de reforzo.

- Analizar a utilidade dos recursos empregados nas aulas para a consecución dos obxectivos e das competencias básicas.

Os **instrumentos** a utilizar para levar a cabo a avaliación desta programación serán:

- Resultados das avaliacións.

- Resultados das avaliacións do alumnado con materias pendentes.

- Cadernos do profesorado, no que se poidan valorar as intervencións do alumnado nas aulas e a realización dos traballos propostos

- Actas do departamento para contrastar o reflectido nelas
- Informes da Xuntas avaliadoras e do Departamento de Orientación.

Partindo da información obtida poderemos chegar a avaliar a Programación Didáctica que elaboramos para este curso.

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				

17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

12.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ben se trate de medidas de reforzo ou de ampliación o Departamento atende aos seguintes principios:

- Emprego de metodoloxías diversas en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada intre necesitan os alumnos. As adaptacións en metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades. Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.
- Actividades de aprendizaxe diferenciadas: reforzo e ampliación.

As actividades educativas que se formulen deben situarse entre o que xa saben facer os alumnos de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros, de tal forma que nin sexan demasiado fáciles e, por conseguinte, pouco motivadoras para algúns alumnos, nin que estean tan afastadas do que poden realizar que lles resulten igualmente desmotivadoras, ademais de contribuír a crear unha sensación de frustración nada favorable para a aprendizaxe. Cando se trata de alumnos que manifestan algunha dificultade para traballar determinados contidos, débese axustalo grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades.

O profesorado e en coordinación co Departamento de Orientación, establecerá as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren ao alumnado con necesidades educativas especiais o seu adecuado progreso.

Realizaranse as adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo. Ditas adaptacións cumpriran o procedemento de autorización determinado pola Consellería de Educación.

Todo isto será coordinado co Departamento de Orientación e co profesorado que imparta as materias deste Departamento, podendo ser revisado se a situación cambiase.

13.-LIBRO DE TEXTO E MATERIAIS DIDÁCTICOS

No presente curso académico non foi establecido ningún libro de texto como obrigatorio para o alumnado. Os profesores que imparten a docencia nos distintos grupos confeccionarán uns apuntes, que serán a base para a explicación dos contidos do curso.

Ademais, cada profesor pode empregar outros materiais didácticos.

O Departamento tamén utiliza os seguintes materiais:

- Guías e recursos didácticos os diferentes proxectos curriculares, que se corresponden cos diferentes cursos e materias, que ofrecen unha serie de recursos básicos para que cada profesor e profesora poida desenvolver diferentes estratexias de ensino co fin de facilitar as aprendizaxes do alumnado en función das súas necesidades concretas, presentan numerosas actividades de reforzo e de ampliación para cada tema, podendo atender á diversidade de alumnado que se presentan na aula.
- Mapas murais xeográficos, físicos e políticos do Mundo, de

Europa, de España, de Galicia

- Mapas murais históricos das diferentes etapas
- Atlas xeográficos e históricos
- CDRom: reportaxes xeográficos e históricos
- DVDS: reportaxes e películas relacionadas con diferentes temas
- Ordenadores para a utilización das novas tecnoloxías na didáctica das diferentes materias.
- Textos elaborados polo profesorado ou extraídos de fontes diversas.
- Prensa
- Informes sobre materias específicas.
- Libros co contido da área ou de creación literaria

O emprego de cada un destes materiais dependerá de cada profesor e do momento axeitado durante o curso.

14.-CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN LECTOR

Para contribuír ao Plan Lector, dende o Departamento de Ciencias Sociais potenciarase a mellora da comprensión lectora, oral e escrita a través de diferentes tipos de textos e libros axeitados a cada nivel.

Serán propostas actividades de lectura comprensiva de textos

relacionados coa materia, realización de esquemas e resúmenes, expresión escrita cunha redacción axeitada e sen faltas de ortografía, lectura en voz alta, redacción de libretas e traballos cunha boa presentación, realización de traballos de investigación sobre temas da materia, etc.

A realización destas actividades dependerá de cada profesor y do momento adecuado ao desenvolvemento das mesmas e da materia impartida.

15.-CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

Para contribuír ao Plan TIC, dende o Departamento de Ciencias Sociais potenciarase o emprego das novas tecnoloxías e o fomento da busca de información e a realización de actividades e exercicios empregando estas ferramentas.

Potenciarase a realización de actividades empregando os procesadores de textos, follas de cálculo, gráficas, etc. coa intención de fomentar e capacitar ó alumnado no emprego destas ferramentas, para que sexa capaz de buscar, obter, procesar e comunicar información, y para transformala en coñecemento.

No actual curso, como nos pasados, empregaremos as TICs en:

- Presentacións Power Point para explicar algúns temas do currículo na ESO e no Bacharelato
- Busca de información na rede, por parte dos alumnos, para facer pequenos traballos de investigación
- Fomentar o uso da busca desta información a través de exercicios con preguntas dirixidas
- Visitas a páxinas de cartografía dixital e a bancos de imaxes

xeográficas para meteoroloxía, localización espacial ...

- Visitas a páxinas de contidos históricos e xeográficos para realización de xogos e actividades lúdicas
- Visitas virtuais a museos e visitas a museos virtuais.

A realización destas activades dependerá de cada profesor y do momento adecuado ao desenrolo das mesmas e da materia impartida.

16.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente curso académico e con motivo da situación derivada do Covid19, o noso Departamento só realizará aquelas actividades complementarias e extraescolares que non supoñan ningún perigo para a saúde tanto do noso alumnado como do profesorado, polo que de realizarense, cumpríranse os protocolos de seguridade que estén en vigor no momento en que ditas actividades se levasen a cabo. Se fora posible, porque a situación de normalidade se restablecese, poderíanse facer as actividades programadas para este nivel educativo como as que se indicarán a continuación.

O Departamento de Ciencias Sociais e Xeografía e Historia está disposto a realizar ó longo do presente curso, aquelas actividades extraescolares que sexan de interese para o alumnado segundo os distintos niveis educativos.

Entre as posibles actividades que se poderán levar a cabo destacaríamos as visitas a lugares de interese xeográfico, histórico, artístico ou cultural. Poderían ser excursións a cidades situadas dentro ou fora da nosa comunidade autónoma. O alumnado podería visitar museos, ou outros lugares de interese, tendo sempre en conta o seu nivel educativo. Ademáis sería conveniente aproveitar ditas actividades coa materia que o profesorado estea a impartir na aula.

Tamén sinalar que os membros do Departamento estarán abertos a calquera actividade que propoñan outros Departamentos, e desexen contar coa nosa colaboración. Igual que se chegan ó centro informacións para que o Departamento participe co alumnado nas actividades ofertadas.

Co fin de evitar que as actividades realizadas fora da aula sexan unha mera excursión sen contido nin relación coa materia escolar, cando sexan organizadas polo departamento daráselle aos alumnos unha guía da actividade que constará de:

- Explicación na aula sobre o que se pretende coa actividade
- Guía de traballo que pode constar de dous tipos de fichas
 - Informativas (textos, planos, fotografías, mapas...)
 - De actividades para o alumnado, a desenvolver á volta da visita ou actividade.

PROPOSTA DE VISITAS QUE SE PODEN PLANTEXAR

1-Compostela

- Arte románica e barroca polas rúas e monumentos de Compostela (2º BAC).
- Museo do Pobo Galego e outros museos compostelanos.
- Parlamento Galego.

2-Coruña

- Casa do Home, Planetario, Torre de Hércules...

3-Pontevedra

-Museo Provincial.

-Urbanismo anterior ao S.XX e arquitectura monumental dende o cisterciense ao barroco.

4-Tui.

-Urbanismo medieval e arquitectura monumental dende o románico ao barroco.

5-Celanova- Bande.

-A Galicia interior, campamento romano de Acquis Querquennis, igrexa visigótica de S^a Comba de Bande. S. Miguel de Celanova, Mosteiro de Celanova. Galicia dende Roma ata o S.XIX.

6-Vilanova de Arousa.

-As actividades do mar. Visita a unha lonxa, unha batea, participar no marisqueo a pé.

-As actividades do agro. Visita a unha cooperativa agrícola (Horsal) ou a un invernadoiro.

-As actividades industriais. Visita a conservas Pérez Lafuente.

17.-DATOS DO DEPARTAMENTO

Profesor	Materia	Curso	Grupos
María del Carmen Muñiz Mirás	Xeografía de España	2º Bacharelato	2
	Xeografía e Historia	2º ESO	2
	Historia do Mundo Contemporáneo	1º Bacharelato	1
Susana Prieto Vázquez	Historia de España	2º Bacharelato	1
	Xeografía e Historia	4º ESO	2
	Xeografía e Historia	1º ESO	3
Celia Morado Acuña	Historia de España	2º Bacharelato	2
	Xeografía e Historia	3º ESO	2
	Xeografía e Historia	2º ESO	1

Asdo. Celia Morado Acuña.

En Vilanova de Arousa, a 24 de setembro de 2022

18.- REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos

centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).